

CAPÍTULOS DO LIBRO

ÍNDICES:

Índice cronolóxico

Neste apartado tense un índice cronolóxico das disposicións que se ven no libro. Para a ordenación deste índice tense en conta a data de publicación das disposicións legais publicadas no DOG ou no BOE e a data de sinatura das circulares internas, non publicadas no DOG nin no BOE. Ten hipervínculos tanto na data de publicación como no número de páxina.

Índice topográfico

Neste apartado tense a relación dos títulos das disposicións legais que conforman o libro. Está hipervinculado tanto o texto do título da disposición como o número de páxina.

Índice alfabético

Contén un índice alfabético; non está hipervinculado. Debe lembrarse tamén a capacidade de busca que teñen os lectores de PDF.

CAPÍTULOS:

Capítulo 1. Normas básicas

Premendo sobre o **Capítulo X** ou sobre o número de páxina que aparece á dereita saltase á relación de disposicións legais que o constitúen.

Neste capítulo trátanse as normas básicas, que afectan á xeralidade do sistema educativo: LOE, medidas de racionalización do gasto público, avaliación diagnóstica, libros de escolaridade, ...

Capítulo 2. Disposicións xerais

Neste capítulo trátanse normas xerais de aplicación máis directa: órganos de goberno, admisión do alumnado, lei de convivencia e dereitos e deberes dos alumnos, procedemento para garantir que o rendimento escolar sexa avaliado conforme a criterios obxectivos, ...

Capítulo 3. Centros

Neste capítulo trátase a normativa de aplicación inmediata nos centros: requisitos mínimos dos centros, regulamentos orgánicos, nomeamento das direccións, normas de elección de horarios, centros bilingües e plurilingües, xestión orzamentaria, ...

Capítulo 4. Profesorado

Neste capítulo trátase a normativa que afecta ao profesorado: normas de acceso, permisos e licenzas, xornada de traballo, comisións de servizo, adscrición dos docentes ás materias que se imparten, a formación permanente, ...

Capítulo 5. Educación infantil e primaria

Neste capítulo trátase da normativa específica de infantil e primaria: currículo, avaliación, ordes de implantación, ...

Capítulo 6. Educación secundaria obrigatoria

Neste capítulo trátase da normativa específica de ESO e aos PCPI: currículo, avaliación, ordes de implantación, desenvolvemento, ...

Capítulo 7. Bacharelato

Neste capítulo trátase da normativa específica de bacharelato: currículo, avaliación, optativas, implantación, desenvolvemento, procedemento para as reclamacións contra as cualificacións de segundo curso, ...

Capítulo 8. Educación de adultos

Neste capítulo trátase a lei de educación e promoción de adultos, a ordenación das ensinanzas de adultos, ordenación da ESOA e do bacharelato para adultos, regulación das probas libres para a obtención dos títulos de ESO e bacharelato, ...

Capítulo 9. Formación profesional

Neste capítulo trátase a ordenación da formación profesional, o desenvolvemento e a avaliación, a admisión do alumnado de FP, a lei das Cualificacións, o catálogo nacional de Cualificacións Profesionais, equivalencias de estudos militares coa FP, FP dual, ...

Capítulo 10. Diversidade

Neste capítulo trátase a atención á diversidade, as avaliacións psicopedagóxicas, as adaptacións curriculares, a escolarización do alumnado con nee, a flexibilización dos períodos de escolarización do alumnado, ...

Capítulo 11. Orientación educativa e profesional

Neste capítulo trátase a orientación educativa e profesional, ...

Capítulo 12. Normalización lingüística

Neste capítulo trátase a lei de normalización lingüística, o decreto de plurilingüismo e as instrucións para a súa aplicación, as validacións de estudos de lingua galega, ...

Capítulo 13. Servizos educativos complementarios

Neste capítulo trátanse os servizos educativos complementarios, comedores escolares, ...

Capítulo 14. Varios

Neste capítulo trátanse temas non directamente encadrables nos apartados anteriores.

Apéndice A. Validacións e equivalencias

Neste capítulo faise un breve resumo do procedemento para a solicitude de validacións e equivalencias e trátanse os casos máis usuais.

É conveniente coñecer as funcións de navegación que ofrecen os lectores de PDF: **Alt ←**, **Ctrl Inicio**, **Ctrl Fin**, ... e os de busca **Ctrl F**, ...